

2. A 1ª Guerra Mundial. A Guerra Total

Nesta fase da historia, a vitoria xa non se decidía só no campo de batalla, senón na capacidade de resistencia de toda a nación. Aquí detallamos os piares desta transformación.

Aspecto Clave	Detalle e Impacto Histórico
Economía Dirixida	Os Estados abandonan o liberalismo para converterse en planificadores. O obxectivo era a subordinación de toda a actividade económica á vitoria. Créanse organismos centrais (como o <i>Kriegsrohstoffabteilung</i> en Alemaña) para controlar as materias primas. O comercio exterior pasou a mans do Estado e impúxose o racionamento estrito mediante cartillas para evitar o mercado negro e garantir a supervivencia básica da poboación civil.
O protagonismo feminino	A ausencia de homes (mobilizados na fronte) obrigou a unha incorporación masiva da muller ao mundo laboral industrial, non só servizos. Nas fábricas de armamento (<i>munitionettes</i>), representaron ata o 40% da forza de traballo. Este papel foi o argumento definitivo para o sufrexismo : a muller demostrou que a súa capacidade física e técnica era igual á masculina, forzando o recoñecemento de dereitos políticos tras 1918.
Guerra de Desgaste e fronte	A estratexia militar derivou na “guerra de trincheiras” ou posicións. O manual destaca que a vitoria xa non se buscaba mediante a manobra, senón polo esgotamento de recursos do outro. Batallas como Verdún (1916) –onde Alemaña quixo “sangrar” ao exército francés– ou o Somme foron campos de exterminio mecanizado onde se perderon millóns de vidas por avances de apenas uns centos de metros.
A Ciencia e a Tecnoloxía	A Gran Guerra foi un laboratorio de morte. A industria química e metalúrxica puxéronse ó servizo do exército. • Guerra Química: O primeiro uso de gas cloro por Alemaña en Ypres (1915) ata o gas mostaza (iperita) • Carros de combate (Tanks): introducidos polos británicos para romper o bloqueio das trincheiras. • Submarinos (U-boot): Alemaña iniciou a guerra submarina total para asfixiar o abastecementos británico, o que sería clave na entrada de EE. UU no conflito. • Aviación: Pásase dun uso de recoñecemento a combates aéreos e bombardeos de cidades.
Propaganda e Censura	O control da opinión pública foi tan importante como o control da fronte. Utilizouse a propaganda para deshumanizar ao inimigo, creouse un “<i>odio ó inimigo</i>”, manter a moral alta e fomentar o alistamento. AA prensa non informaba das derrotas para non afundir a moral, mediante a censura de prensa impedía que se coñecese a magnitude real das perdas humanas, evitando así revoltas sociais ou folgas na retagarda que puidesen paralizar a produción. O obxectivo era que a poboación civil aceptase os sacrificios (fame, frío, perda de familiares) como algo necesario pola patria.
O Fin do Diñeiro e a Inflación	O custo da guerra foi astronómico. Para pagar a Guerra s países recorreron a tres vías:

-
1. **Aumento de impostos.**
 2. **Emisión de papel moeda sen respaldo.**
 3. **Débeda pública:** Emisión de “Bonos de Guerra” comprados polos cidadáns.
 4. **Créditos exteriores:** Principalmente de bancos estadounidenses. Isto provocou o fin da hexemonía financeira de Europa e o nacemento da inflación masiva, xa que se imprimía diñeiro sen respaldo en ouro. Isto provocou que rematado o conflito, a moeda europea non valse case nada e a débeda fose impagable.

**O concepto de
Retagarda ou
Fronte Interna**

A guerra total borrou a liña entre soldado e civil. A poboación civil converteuse en obxectivo estratéxico (*bombardeos aéreos embrionarios e bloqueos navais para causar fame*). Polo tanto, a guerra gañábase ou perdíase na retagarda. Se os obreiros das fábricas facían folga ou as mulleres non podían alimentar aos seus fillos, o exército na fronte acababa por amotinarse ou desertar.

Se a retagarda colapsaba (como ocorreu en Rusia en 1917), o exército na fronte deixaba de existir, polo que a cohesión social foi o factor decisivo final.
